



ESCRITOR, TRADUTOR E MÚSICO

"Nunca había nada que facer en Tui. En 1998 Cerviño mercou unha videocámara. Os pais de Cerviño mercáronlle unha videocámara. Nós estabamos, non sei, por aí, cando Cerviño trouxo a videocámara a primeira vez. Sempre estabamos por aí e tamén estabamos por aí cando chegou Cerviño coa videocámara. Gravamos o que sempre se grava nestes casos, a nós mesmos facendo acenos grotescos, forzando a elasticidade das nosas bocas e revirando as nosas pálpebras. Despois eu gravei a Carlos sentado nun banco e despois díxenlle que se erguese do banco e volvín gravar o banco sen Carlos, e rimos vendo na pantalla como Carlos desaparecía do banco. E despois xa fumáramos tanta marihuana que Cerviño comezou a filmar unha árbore e filmou a árbore até que rematou a cinta".

Gran tiburón branco



A vila

Polo que era coñecido de pequeno entre os meus amigos, no meu círculo e na miña familia era por debuxar, gustábame moito debuxar e facíao cun estilo que parecía copiado de Songhoku ou de Mortadelo e Filemón, era o que me gustaba facer.

Nacín e vivín en Tui até os 18 anos, logo marchei e mantiven contacto coa vila dous ou tres anos, despois funme máis lonxe e desvinculeime moito, a miña familia marchou tamén de alí e as miñas avoas morreron, e xa non quedou nada na vila que me unira a ela.

Tui era tamén o debuxo, logo fun facendo outras cousas, comecei a facer outro tipo de actividades e simplemente deixei de debuxar. Abandonei ese xeito de comunicarme. Iso foi algo que despois sempre me deu pena e non se debera facer, cando utilizas algo para comunicarte non deberas pechalo desta maneira, pero iso aprendino tarde quizais.

Estudos e tradución

Antropoloxía foi a miña primeira opción, daquela era unha licenciatura de segundo grao á que te incorporabas despois dun primeiro ciclo doutra cousa, no meu caso filoloxía. O meu perfil literario era moi raro, estudei filoloxía e en canto puideren marchei a Barcelona. O problema da antropoloxía era que era unha carreira que non servía para nada, en xeral non teño moi claro até que punto as carreiras serven para algo. No caso de antropoloxía pechábame moitas portas, así é que co tempo e, véndolle as orellas ao lobo no laboral, acabei a licenciatura de filoloxía.

Traballo de tradutor desde o ano 2013, o meu vínculo foi resultado de dúas cousas: por un lado, ter unha traxectoria de escribir e dominar a lingua tanto literariamente como a nivel gramatical, por ter estudado filoloxía e por ter sido profesor de español para estranxeiros e, por outro, por estar en contacto con idiomas estranxeiros. Estiven varios anos en Francia, un ano nas Antillas e, dalgunha maneira, a tradución está sempre presente no momento en que empezas a comunicarte noutro idioma, a facer vida nunha fala que non é a túa, comezas a traducir por dentro. Pero tamén

é certo que ao remate da experiencia laboral de profesor de español estaba moi queimado, a última vez que volví para Galicia foi coa idea de non saír máis, estaba decidido a iso e tiña ganas de non emigrar por razóns de tipo persoal e de tipo político, prefería ter unha vida máis modesta aquí que ter unha mellor vida fóra pero máis gris no estranxeiro.

Os praceres culpables

Son unha persoa que me gusta todo, cunha mirada ampla para ben e para mal, en principio calquera cousa me interesa. Ás veces é unha tentación que todos temos, pero procuro non ter prexuízos en ningún ámbito, tampouco no cultural. A min gústame achegarme a certos ámbitos que poden considerarse menores, mainstreaming ou comerciais, coñecer un pouco todo, senón hai unha dimensión da realidade que te perdes. En música por exemplo, se te deixas pautar polo que se leva, hai moitas cousas que quedan fóra; cadroume coa rumba, que me gusta moito e, inda que non me interesa todo, hai discos bos, Los Chichos, por exemplo. Outro exemplo, hai un tempo estiven cos sobriños da miña parella no cine e vin a película “Pesadillas2”, que de entrada non sería un filme que eu escollería, e non digo que sexa unha das mellores películas da miña vida, pero encontreille cousas interesantes. Por exemplo, fan unha especie de xogo metaficcional, unha especie de chiste do autor que sen mencionalo, dan a entender que o espectador coñece "It", a novela de Stephen King. Pensei entón que o meu prexuízo dos produtos para adolescentes onde lle dan todo mastigado non era así.

A traxectoria musical_ Ataque Escampe

A música para min é un xeito de comunicarme co mundo de maneira colectiva, inda hoxe resúltame un grande alivio ter esa base de creación conxunta. Ataque Escampe é un grupo onde hai creación colectiva, todo o mundo asina todo, todo o mundo fai todo. O proceso de traballo implica moita negociación e moito conflito no bo sentido, iso apórtache unha visión máis realista das cousas.

Por outro lado, cando levas un disco a concerto, ao directo, tes un feedback co público que noutros ámbitos como a literatura, a tradución ou nas artes

plásticas non está presente no momento do consumo. Na música si, normalmente é unha sensación bastante agradable e, ás veces, tamén tes a sensación de que hai público, porque por exemplo o que pasa coa literatura, e sobre todo coa que escribes en galego, é que tes a sensación de que hai moi poucos lectores, que numericamente é probable que os haxa, pero tes a sensación de que non hai ningún, de que hai cinco en Galicia, e non é iso tampouco. Hai máis de cinco, igual non máis de cen, pero si máis de cinco, entón preguntaste se o esforzo merece a pena. Na música tes máis contacto físico con esa idea de escena e inda que nunca chegues a masas, si que ves que fas cousas que á xente lle poden importar, iso é moi bonito.

PAPÁ BORRACHO, 2017

*Meu pai foi o maior borracho que existiu. Vamos tomar algo e ser amigos.
Que descanse en paz: os paxaros seguirán cantando,
fai un día extraordinario. Vamos tomar algo, a vida é unha festa tropical.
Meu pai foi un señor que baixou comprar tabaco cando eu tiña nove anos.
Míster Ed era un cabalo e nunca abandonou a Wilbur Post.
Vas ir durmir ou aínda vés á Cadeira Eléctrica?
No armario do salón escondía vídeos porno, máis chulo que Stoichkov.
Noites de agosto: acéndense as farolas no seu honor.
You'll never walk alone.
Pecharemos discotecas, moveremos as cadeiras.
Que estraña beleza: poremos toda a carne no asador.
Vas ir durmir ou aínda vés á Cadeira Eléctrica?
Meu pai foi o maior borracho que existiu.
Vamos tomar algo e ser amigos dunha vez.*

Do que non queren falar con Samuel

A quen se dedica ao tema cultural non lle falan de cartos, eu creo que se falas e mantés un discurso sobre cartos en determinados ámbitos culturais quedas de mala persoa, que es unha persoa ideoloxicamente individualista. Sen embargo, creo que se debería falar de cartos desde unha perspectiva máis social e colectiva. O feito de que nunca se fale, que che propoñan

participar en algo e teñas medo a preguntar se está remunerado, crea inseguridades e situacións sen escapatoria. É interesante ter un discurso realista sobre os cartos, decidir o que un quere facer gratis ou que lle vai traer pouco diñeiro.

É curioso, porque é un discurso que en tradicións máis materialistas, no rap, no ganstrap americano ou no trap, por exemplo, sempre houbo e estivo presente o discurso dos cartos. É certo que primou lucir coches, cadeas de ouro, etc, pero creo que ese discurso é san e interesante no momento en que fas visible un conflito, noutros ámbitos simplemente non se fala. Neste tipo de música ás veces a dirección está errada, pero o que suscita está ben.

Lectura e mocidade

Cando estaba no instituto non me gustaba que me mandaran lecturas obrigatorias, nin o perfil de libros que acostumaban a escoller, tampouco cando eran libros que estaban nunha colección específica para adolescentes, porque teño a sensación de que a literatura habitual para a mocidade incide demasiado na cuestión educativa.

Acórdome dun libro que me gustaba moito cando era adolescente e que estaba de moda nos 80-90, "O diario secreto de Adrian Mole" de Sue Townsend. Gustábame moito porque era un libro que, inda que estaba dirixido á mocidade, non había ningún tipo de ensinanza, simplemente era un libro divertido sobre un rapaz de 13-14 anos onde aparecían temas da política inglesa do momento que para min eran moi difíciles de entender estando noutro país.

Calquera libro para min ten que ter paixón, entusiasmo, é un concepto básico. Iso é o que pode diferenciar un libro válido para a mocidade dun que non, que se perciba esa paixón, non hai regras formais para detectalo, pero dalgunha maneira cando les un texto completo é o que notas, a paixón.